



A/A  
DOS/AS TRABALLADORES/AS DO CENTRO

Vigo, a 13 de Maio de 2019

Despois de cinco días esperando unha reacción construtiva por parte da Dirección para resolver os problemas de cargas de traballo e postos irrealizables en Montaxe, como xa todos e todas coñecemos, as tres Centrais Sindicais decidimos abandonar o peche e proceder a **PRESENTAR A PRIMEIRA CONVOCATORIA DE FOLGA PARA ESTE XOVES 16 DE MAIO.**

Si a primeira, xa que, si realmente a Dirección de aquí ao mércores 15 continua dilatando máis no tempo medidas reais que fagan posible mellorar as condicións de traballo na Liña de Montaxe, procederemos á segunda convocatoria. Chegou o momento de que **MONTAXE** teña unha **SOLUCIÓN.**

As tres Centrais Sindicais compartimos que, si ben o punto discrepante e detonante desta Folga está nos postos de Montaxe M2, non quere dicir que, A FALLA DE TACTO E ACTITUDE da Dirección, tamén está provocando graves problemas ao resto dos/as Traballadores/as do Centro.

Unha Dirección que non escoita as necesidades dos/as traballadores/as, unha Dirección que por acadar os seus obxectivos é capaz de someternos a situacións límite, unha Dirección que non pon en valor as capacidades profesionais, ..., unha Dirección obcecada que nin tan sequera recoñece os seus propios erros.

Por elo **A FOLGA ESTÁ SOLICITADA PARA TÓDOLOS/AS TRABALLADORES/AS DO CENTRO NOS SEGUINTE HORARIOS .**

**Xoves 16:**

Quenda de Mañá.- De 12:00 a 14:00 Horas

Quenda de Tarde.- De 14:00 a 16:00 Horas

Quenda Normal ou Central.- De 12:00 a 14:00 Horas

Quenda de Noite.- De 22:00 a 00:00 Horas

De cara a explicar mellor como imos proceder a facer efectivos ditos paros **O MÉRCORES DÍA 15 celebraremos ASEMBLEAS DE BOCADILLO NAS TRES QUENDAS: MONTAXE, NAVE-S e FERRAXE.**

